CA2.7 Avaliáronse os riscos asociados á utilización dos equipamentos.
CA2.8 Aplicouse normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
CA2.9 Aplicáronse as medidas de seguridade na limpeza no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos.

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as leis que rexen en cada tipo de ensaio.
CA3.2 Analizouse o procedemento normalizado de traballo para a execución do ensaio.
CA3.3 Estableceuse a secuencia correcta de execución do ensaio.
CA3.4 Ensaíouse o número de mostras adecuado.
CA3.5 Aplicáronse as normas de competencia técnica na execución do ensaio.
CA3.6 Deixouse o equipamento limpo e en condicións de uso despois do ensaio.
CA3.7 Separáronse os residuos xerados, segundo as súas características, para a súa xestión posterior.
CA3.8 Rexistráronse adecuadamente os datos (en táboas, gráficas, etc.) utilizado programas informáticos ou outros soportes.
CA3.9 Mántivose unha actitude ordenada e metódica.
CA4.1 Establecéronse os cálculos necesarios para obter o resultado.
CA4.3 Consideráronse as unidades axeitadas para cada variable.
CA4.4 Expresouse o resultado considerando o valor medio dos datos obtidos nos ensaios das mostras, e a precisión da medida (desviación estándar, varianza, etc.).
CA4.5 Manexáronse táboas de propiedades fisicoquímicas de substancias.
CA4.6 Contrastouse o resultado obtido con patróns de referencia da mesma substancia ou con táboas de propiedades fisicoquímicas.
CA4.7 Comprobouse que a substancia ensaiada cumpre a normativa e as especificacións de fábrica.
CA4.8 Obtivéronse conclusións de identificación ou caracterización da substancia.
CA4.9 Presentáronse os informes no xeito indicado e no tempo establecido.
CA4.10 Considerouse a importancia da calidade en todo o proceso.

4.7.e) Contidos

Contidos
Equilibrios de fases.
Estado da materia e as súas propiedades.
Disolucións. Propiedades coligativas das disolucións.
Preparación da mostra para o ensaio fisicoquímico.
Aplicación das normas de calidade, de prevención de riscos e de protección ambiental.
Limpeza, autonomía e actitude metódica na realización das tarefas.
Etiquetaxe e almacenaxe de residuos.
Manexo e uso dos equipamentos de ensaios.
Mantemento básico.
Calibraxe de equipamentos.
Riscos asociados aos equipamentos de ensaios fisicoquímicos.
Criterios de seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento de equipamentos.
Aplicación das normas de calidade, de prevención de riscos e de protección ambiental.
Limpeza, autonomía e actitude metódica na realización das tarefas.
Aplicación de procedementos normalizados de traballo.
Execución de ensaios.
Caracterización de substancias.
Aplicación de normas de competencia técnica.
Aplicación das normas de calidade, de prevención de riscos e de protección ambiental.
Limpeza, autonomía e actitude metódica na realización das tarefas.
Etiquetaxe e almacenaxe de residuos.

Contidos
<p>Unidades e cambio de unidades.</p> <p>0Aplicación das normas de calidade no conxunto do proceso.</p> <p>Rigor na obtención e no tratamento dos datos dos ensaios.</p> <p>Confidencialidade no tratamento dos resultados.</p> <p>Interpretación de gráficas.</p> <p>Formalización de boletíns de análise.</p> <p>Aseguramento da calidade. Trazabilidade.</p> <p>Rigor na presentación de informes.</p> <p>Táboas de datos e gráficos de propiedades fisicoquímicas.</p> <p>Cálculo de erros e incertezas.</p>

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	PROXECTO MULTIDISCIPLINAR	26

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara as condicións da análise e relaciona o tipo de ensaio coa natureza da mostra.	NO
RA2 - Prepara equipamentos para ensaios fisicoquímicos en relación cos parámetros que cumpra medir.	SI
RA3 - Analiza mostras aplicando ensaios fisicoquímicos.	SI
RA4 - Avalía os resultados en comparación cos estándares.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.9 Planifícase o proceso analítico e identifícanse as súas etapas e os seus riscos asociados.
CA1.10 Sepáranse os residuos xerados, segundo as súas características, para a súa posterior xestión.
CA2.1 Indícase a función de cada compoñente do equipamento.
CA2.2 Selecciónase o equipamento axeitado segundo o parámetro que se deba medir.
CA2.3 Efectúase o mantemento dos equipamentos e comprobase o seu correcto funcionamento.
CA2.4 Calibrase o equipamento e valorase a incerteza asociada á medida.
CA2.5 Preparáronse as montaxes necesarias para executar o ensaio.
CA2.6 Valorase a necesidade de manter os equipamentos en perfectas condicións de uso.
CA2.7 Avaliáronse os riscos asociados á utilización dos equipamentos.
CA2.8 Aplícase normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
CA2.9 Aplícanse as medidas de seguridade na limpeza no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos.
CA3.1 Identifícanse as leis que rexen en cada tipo de ensaio.
CA3.2 Analízase o procedemento normalizado de traballo para a execución do ensaio.
CA3.3 Establecese a secuencia correcta de execución do ensaio.
CA3.4 Ensaíase o número de mostras adecuado.
CA3.5 Aplícanse as normas de competencia técnica na execución do ensaio.
CA3.6 Deixase o equipamento limpo e en condicións de uso despois do ensaio.

Criterios de avaliación
CA3.7 Separáronse os residuos xerados, segundo as súas características, para a súa xestión posterior.
CA3.8 Rexistráronse adecuadamente os datos (en táboas, gráficas, etc.) utilizado programas informáticos ou outros soportes.
CA3.9 Mantívose unha actitude ordenada e metódica.
CA4.1 Establecéronse os cálculos necesarios para obter o resultado.
CA4.2 Utilizáronse follas de cálculo ou outros programas informáticos de tratamento de datos para a obtención do resultado.
CA4.3 Consideráronse as unidades axeitadas para cada variable.
CA4.4 Expresouse o resultado considerando o valor medio dos datos obtidos nos ensaios das mostras, e a precisión da medida (desviación estándar, varianza, etc.).
CA4.5 Manexáronse táboas de propiedades fisicoquímicas de substancias.
CA4.6 Contrastouse o resultado obtido con patróns de referencia da mesma substancia ou con táboas de propiedades fisicoquímicas.
CA4.7 Comprobouse que a substancia ensaiada cumpra a normativa e as especificacións de fábrica.
CA4.8 Obtivéronse conclusións de identificación ou caracterización da substancia.
CA4.9 Presentáronse os informes no xeito indicado e no tempo establecido.
CA4.10 Considerouse a importancia da calidade en todo o proceso.

4.8.e) Contidos

Contidos
Manexo e uso dos equipamentos de ensaios.
Mantemento básico.
Calibraxe de equipamentos.
Riscos asociados aos equipamentos de ensaios fisicoquímicos.

Contidos

Criterios de seguridade nas actividades de limpeza, funcionamento e mantemento de equipamentos.

Aplicación das normas de calidade, de prevención de riscos e de protección ambiental.

Limpeza, autonomía e actitude metódica na realización das tarefas.

Aplicación de procedementos normalizados de traballo.

Execución de ensaios.

Caracterización de substancias.

Aplicación de normas de competencia técnica.

Aplicación das normas de calidade, de prevención de riscos e de protección ambiental.

Limpeza, autonomía e actitude metódica na realización das tarefas.

Etiquetaxe e almacenaxe de residuos.

Unidades e cambio de unidades.

Rexistro de datos.

Manexo de programas informáticos de tratamento de datos avanzado.

Interpretación de gráficas.

Rigor na presentación de informes.

Táboas de datos e gráficos de propiedades fisicoquímicas.

Cálculo de erros e incertezas.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**-MINIMOS EXIXIBLES**

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva do módulo son os criterios de avaliación seleccionados como tales en cada unha das unidades didácticas vistas anteriormente e que son os seguintes:

- CA1.3 Identificáronse os tipos de ensaios fisicoquímicos axeitados para a análise da mostra.
- CA1.4 Definíronse as constantes fisicoquímicas que caracterizan as substancias.
- CA1.6 Acondicionouse a mostra para a análise segundo as súas características e os parámetros que se midan, seguindo o protocolo establecido.
- CA1.9 Planificouse o proceso analítico e identificáronse as súas etapas e os seus riscos asociados.
- CA2.2 Selecionouse o equipamento axeitado segundo o parámetro que se deba medir.
- CA2.3 Efectuouse o mantemento dos equipamentos e comprobouse o seu correcto funcionamento.
- CA2.4 Calibrouse o equipamento e valorouse a incerteza asociada á medida.
- CA2.5 Preparáronse as montaxes necesarias para executar o ensaio.
- CA2.8 Aplicouse normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental.
- CA2.9 Aplicáronse as medidas de seguridade na limpeza no funcionamento e no mantemento básico dos equipamentos.
- CA3.1 Identificáronse as leis que rexen en cada tipo de ensaio.
- CA3.2 Analizouse o procedemento normalizado de traballo para a execución do ensaio.
- CA3.3 Estableceuse a secuencia correcta de execución do ensaio.
- CA3.5 Aplicáronse as normas de competencia técnica na execución do ensaio.
- CA3.6 Deixouse o equipamento limpo e en condicións de uso despois do ensaio.
- CA3.7 Separáronse os residuos xerados, segundo as súas características, para a súa xestión posterior.
- CA4.1 Establecéronse os cálculos necesarios para obter o resultado.
- CA4.3 Consideráronse as unidades axeitadas para cada variable.
- CA4.4 Expresouse o resultado considerando o valor medio dos datos obtidos nos ensaios das mostras, e a precisión da medida (desviación estándar, varianza, etc.).
- CA4.5 Manexáronse táboas de propiedades fisicoquímicas de substancias.
- CA4.6 Contrastouse o resultado obtido con patróns de referencia da mesma substancia ou con táboas de propiedades fisicoquímicas.
- CA4.8 Obtivéronse conclusións de identificación ou caracterización da substancia.
- CA4.10 Considerouse a importancia da calidade en todo o proceso.

pero que podemos resumir nos seguintes mínimos imprescindibles:

1. Interpretación dos termos de estudo para a caracterización e/ ou identificación dunha mostra mediante ensaios fisicoquímicos
2. Preparación dos equipamentos para os ensaios fisicoquímicos.
3. Análise de mostras mediante ensaios fisicoquímicos.
4. Avaliación de resultados de ensaios fisicoquímicos.
5. Aplicación das normas de calidade, de prevención de riscos e de protección ambiental.
6. Limpeza, autonomía e actitude metódica na realización das tarefas.

7. Saber realizar os cambios de unidades correspondentes.

-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación trimestral corresponderá á media ponderada das cualificacións obtidas ao longo do trimestre, de acordo coas proporcións que se amosan a continuación, e tendo en conta que sempre será preciso obter un 5 ou máis para aprobar.

-Probas (80%) da nota global:

Estas probas serán exames teóricos, de problemas e prácticos. Estas probas poderán realizarse de forma presencial ou telemática:

-Proba escrita (40%):

-Nas probas escritas as preguntas poden ser:

- a) De resposta curta
- b) De escoller unha resposta entre varias
- c) De unir con frecha
- d) De sinalar verdadeiro ou falso, coa opción de formular correctamente os enunciados incertos
- e) Resolución de problemas

-Proba práctica (40%):

Proba práctica na que o alumnado debe realizar unha ou varias prácticas de laboratorio e/ou resolver supostos prácticos propostos pola profesora e que serán de diferente nivel de dificultade.

-Seguimento individualizado do alumnado (20% da nota global):

Para sumar esta porcentaxe o alumno ou alumna ten que ter un 5 sobre 10 nas probas realizadas o longo do trimestre e descritas anteriormente. Neste seguimento individualizado valoraranse os seguintes puntos e co seguinte porcentaxe cada un deles:

a) Traballo de aula (10%):

- puntualidade, atención, participación;
- empatía co grupo;
- cumprimento das instrucións e responsabilidade no traballo;
- entregas realizadas na aula e na aula virtual.

b) Prácticas de laboratorio e virtuais(10%):

Neste apartado valoraranse os seguintes apartados e coas seguintes porcentaxes:

- Procedementos e capacidade técnica na realización das prácticas (5%):

- organización e limpeza do material e a área de actividade;
- comunicación e trato fluído co grupo de traballo e coa profesora;
- interpretación da normativa e da bibliografía axeitada á práctica e/ou problemas que se expoñan;
- organización do traballo establecendo a secuencia e a prioridade das tarefas;
- calibrado e preparación dos equipamentos seguindo as instrucións e manuais;
- realización dos cálculos e interpretación dos resultados.
- aplicación das normas de seguranza e saúde laboral.

- Libreta de prácticas e/ou informes de resultados entregados ao rematar as prácticas e/ou bloque de prácticas (5%).

*A ENTREGA DA LIBRETA/INFORMES DE PRÁCTICAS É DE CARÁCTER OBRIGATORIO XA QUE SE CONSIDERA UN MÍNIMO ESIXIBLE, POIS A REALIZACIÓN DE INFORMES E A SÚA INTERPRETACIÓN É UNHA LABOR FUNDAMENTAL DO TRABALLO DUN TÉCNICO NUN LABORATORIO.

-No caso da UD (PROXECTO MULTIDISCIPLINAR): O alumnado terá que aplicar os coñecementos adquiridos durante o módulo

- Preparación de informes (80%) da nota global: avaliados mediante LISTA DE COTEXO
- Elaboración de PNTs (40%)

-Elaboración de informes de resultados (40%)

-Presentación do traballo realizado (20%) da nota global: avaliados mediante RÚBRICA DE EXPOSICIÓN ORAL

-Exposición de PNTs (10%)

-Exposición de informes de resultados (10%)

-Cualificación no trimestre:

A cualificación será de 1 a 10 puntos, considerándose a avaliación positiva cando a puntuación acadada sexa igual ou superior a 5 puntos.

Redondearase os decimais ao número enteiro máis próximo: para as décimas menores que 5 farase o redondeo ao número enteiro inmediatamente anterior, e se as décimas son maiores ou iguais a 5, entón farase o redondeo ao número enteiro inmediatamente superior.

Co fin de avaliar o rendemento do alumnado, emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, e estarán recollidas no caderno de aula, éste estará en excel para facilitar a recollida dos datos e os cálculos correspondentes.

Cada CA puntúase entre 1 e 10, resumíndose a continuación a % de cada proba (media ponderada das notas de todos os CA de dito trimestre tendo en conta a súa % dentro da UD e da % da propia UD dentro do curso) obtendo de xeito simplificado que:

NOTA da avaliación = 40% nota Proba Escrita + 40% Proba Práctica + 10% Informes das prácticas + 10% Boletíns de exercicios / Tarefas

-Cualificación final:

A cualificación final do módulo determínase (debido ó peso horario de cada UDD avaliada en cada trimestre) mediante a aplicación das seguintes porcentaxes :

NOTA MÓDULO FINAL = 34% NOTA da 1ª avaliación (UDD 1,2,3) + 25% NOTA da 2ª avaliación (UDD 4,5) + 41% NOTA da 3ª avaliación (UDD6,7,8)

NOTAS ACLARATORIAS:

- Non se realizarán probas para unha ou varias persoas fora da data acordada para o grupo agás en circunstancias extraordinarias xustificadas.
- É obrigatoria a entrega de todos os traballos/informes para poder aprobar o curso, incluídas as realizadas a través da aula virtual.
- É obrigatoria a asistencia á formación na empresa ou ás actividades desenvolvidas no organismo equiparado (instituto).

-NORMAS XERAIS:

Todas as probas que se realicen terán que incluír os EPIS correspondentes, senon se empregan non se poderá realizar aqueles exames que impliquen a realización de prácticas de laboratorio.

- Todas as probas terán que realizarse co pelo recollido par poder ver o uso de dispositivos nas orellas.

- No caso da realización das probas prácticas de laboratorio si se observa que o alumnado non sabe manexar o equipamento e pode poñer en risco a súa integridade ou a do equipo non poderá continuar realizando o exame ou esa parte do exame.

- No caso de que algún alumn@ utilice algún medio para copiar sean en papel, calculadora....ou calquera dispositivo dixital, retiráraselle o examen e a cualificación será de 0 tendo que realizar a correspondente recuperación. Si este exame se corresponde co último exame de recuperación e non se pode realizar outra recuperación o/a alumno/a terá o módulo suspenso xa que implicará non ten ter superados os mínimos esixibles correspondentes os contidos das unidades de traballo que se estaban a avaliar.

- Non se realizarán probas para unha ou varias persoas fora da data acordada para o grupo agás en circunstancias extraordinarias xustificadas.

- É obrigatoria a entrega de todos os traballos/informes para poder aprobar o curso, incluídas as realizadas a través da aula virtual.

-Co obxecto de non poñer en risco a seguridade e a saúde do alumnado ao longo do curso, o docente poderá limitar a participación dun alumno nunha actividade experimental. Isto producirase no caso de que o alumno non teña adquirido os coñecementos teóricos e prácticos imprescindibles para o desenvolvemento de dita actividade.

-CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

- Nas preguntas test:

Para que sexa correcta, a opción elixida deberá ser xustificada brevemente

- Nas preguntas curtas (ou longas, no seu caso):

a) a nota será proporcional a explicación correcta e completa da cuestión formulada,

b) se na resposta figuran aseveracións que non teñen que ver co que se pregunta e/ou indican erros graves de concepto, a puntuación será 0.

- Nos problemas podemos atopar varias situacións:

a) problemas resoltos correctamente, a puntuación será a máxima

b) problemas ben planeados con erros de cálculo que non supoñan erro grave de concepto, descontárase un 50 % da puntuación total do exercicio;

c) problemas ben resoltos sen as unidades correspondentes descontarase un 20% da puntuación total do exercicio.

d) problemas ben planeados con erros de cálculo que supoñan erro grave de concepto puntuaranse cun 0.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A proba de recuperación consistirá na realización dunha serie de actividades teórico-prácticas ao final do curso, e a entrega de todas as tarefas pendentes do curso, de ser o caso.

A recuperación enténdese non so como proba de recuperación, senón como actividade de recuperación; é unha parte mais do proceso de ensinanza-aprendizaxe e iníciase en canto se detecta a deficiencia no alumno ou alumna, no seguimento da súa evolución, realizando con el ou ela actividades complementarias de reforzo e apoiando aqueles puntos onde ten dificultades. Se, aínda así, o alumno ou a alumna en cuestión, non supera a avaliación, programaranse actividades de recuperación que terán por obxecto orientar e redirixir a aprendizaxe destes alumnos e alumnas, permitíndolles subsanar as súas carencias de aprendizaxe.

Ao alumnado que ten que recuperar faráselle entrega dun informe individualizado no que se indicarán as actividades a recuperar. As actividades de recuperación serán semellantes ás actividades propostas nas distintas unidades, e sempre programadas de menos a máis dificultade.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Neste módulo prodúcese a perda do dereito á avaliación continua por falla de asistencia non xustificada a 16 horas de clase (10% do total). Só se xustificarán un máximo dun 5% de faltas (8 horas de clase). Primeiro darase un apercibemento (6% de faltas, 10h) e, se persiste a situación, comunicarase a perda do dereito á avaliación continua.

Nunha data publicada no taboleiro de anuncios do departamento, @s alumn@s someterase a unhas probas para avaliar a adquisición das capacidades terminais:

- 1) Exame escrito: coas características citadas anteriormente. Peso no global da nota: 40%
- 2) Exame práctico: coas características citadas anteriormente. Peso no global da nota: 40%
- 3) Actividades/Tarefas: características citadas anteriormente. Peso no global da nota: 20%

A parte práctica realizarase en varias sesións, onde @ alumn@ deberá demostrar os coñecementos e destrezas en diversas actividades pertencentes ó currículo do título.

A profesora poderá non permitir a realización de determinadas actividades aos alumnos e as alumnas que perdesen o dereito a avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou o material correspondente.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Para o seguimento da programación segundo o sistema de calidade realizarase mensualmente, tendo en conta as tarefas realizadas e comparando coas previstas nas programación e recollendo as causas de incumprimento de dita programación, e recolleranse empregando a aplicación <http://www.edu.xunta.es/programacions>.

Así mesmo, tamén con carácter mensual, farase unha reunión con todos os membros do equipo docente do ciclo para avaliar o grao de cumprimento da programación; indicando, se é preciso, as modificacións levadas a cabo, coa xustificación e a proposta de melloras, que serán recollidas na acta de reunión correspondente.

A avaliación da práctica docente realizarase trimestralmente na reunión de equipo docente onde se valorará un balance dos obxectivos e contidos logrados, podendo introducir as modificacións oportunas de cara ao seguinte trimestre ou curso.

Ademais, a práctica docente tamén se avaliará mediante unha enquisa de satisfacción docente do sistema de xestión que cubrirá o alumnado e a análise dos seus resultados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizaráse unha avaliación inicial, sen cualificación para o alumnado, para coñecer o dominio de ferramentas e conceptos básicos : cálculo matemático, magnitudes físicas e unidades, coñecementos previos sobre as propiedades fisico-químicas da materia e a súa medida.

En cada unidade, na presentación da mesma, tamén se farán preguntas para saber cal é a base que teñen os alumnos ou qué erros de concepto teñen.

Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos do alumnado, así como as súas actitudes, capacidades e, incluso, motivación. Esta avaliación inicial farase realizando preguntas curtas sobre unidades e cálculo elemental, ferramentas imprescindibles para realizar os cálculos requeridos nos exercicios e casos prácticos; e que permiten acadar os obxectivos mínimos do módulo. Cando se detectan carencias no alumnado neste sentido, a profesora propondrá unha ou varias sesións de repaso de unidades e cálculo, así como exercicios para que o alumnado traballe nestes aspectos.

A avaliación inicial permitirá ó docente descubrir os coñecementos previos do alumnado sobre o material e instalacións do laboratorio, para poder suplir as carencias que se detecten nestes aspectos. O alumnado acede o ciclo con formación académica moi diversa: proba de acceso, formación profesional de gro medio, outros ciclos formativos e alumnado con formación universitaria. Isto supón niveis de formación diferentes e coñecementos de niveis distintos. Por isto é fundamental a avaliación inicial . Pódense detectar carencias na realización de operacións matemáticas ou hábito de estudo.

Tamén debe terse en conta o alumnado que leva tempo sin realizar unha actividade académica.

Outro aspecto importante relativo a avaliación inicial é que permite descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que

permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

A enquisa de avaliación inicial realizada no centro dende o departamento de orientación, no marco do sistema de control da calidade do centro, constitúe unha ferramenta fundamental que contribúe a descubrir posibles necesidades de atención específica no alumnado, o que permite deseñar medidas de reforzo educativo e medidas de atención a diversidade.

Asemade as reunións mensuais de equipo docente permite facer o seguimento do grupo no seu conxunto e de cada alumn@, en particular, coa fin de deseñar estratexias para mellorar o ensino e aprendizaxe do alumnado.

Coa avaliación inicial trátase de establecer os coñecementos previos d@ alumn@, así como as súas actitudes, capacidades e, incluso, motivación.

Esta avaliación inicial farase realizando preguntas para que @s alumn@s contesten libremente, preguntas curtas ou tipo test, etc

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

A atención a diversidade e a vía que permite individualizar, dentro do posible, o proceso de ensinanza e aprendizaxe, para elo aplicaranse as seguintes medidas:

- Procurarase adaptar a forma de enfocar ou presentar os contidos e actividades en función dos distintos graos de coñecementos previos detectados n@s alumn@s e dos seus diferentes graos de autonomía.
- Farase a previsión dun número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade, de maneira que poidan traballar eses contidos con esixencias distintas. Prepararanse tamén actividades referidas a contidos non fundamentais, complementarios ou de ampliación, para aqueles alumn@s que poidan avanzar mais rapidamente ou que o fan con menos necesidade de axuda e que, en calquera dos casos, poden afondar en contidos a través dun traballo mais autónomo.

Ante a posibilidade da presenza de alumn@s no CS de Laboratorio de Análise e Control de Calidade con algún tipo de necesidade educativa especial, como por exemplo unha discapacidade física, acordarase entre o profesorado do ciclo e o Departamento de Orientación do centro o protocolo de actuación en función de cada alumno e de cada minusvalía. En calquera caso, no módulo de Ensaio físicoquímicos, estableceranse as adaptacións posibles de tempo, espazo e medios para que @s alumn@s con discapacidades gocen de similares oportunidades á hora de realizar as actividades e os exames que o resto dos compañeiros

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

a) Aseguramento da calidade

Os alumnos teñen que acostumarse ós elementos dun programa de aseguramento da calidade. Para eso é necesario, entre outras cousas,

- Dispoñer dos PNT descritos con precisión .
- Que todos os métodos, procedementos e protocolos estean dispoñibles baixo forma de instrucións escritas e na forma na que se teñen que aplicar. No caso de que se baseen en normas, deben facer

referencia a esas normas.

- Para o tratamento de datos, todos os procedementos para a lectura, rexistro e tratamento de dato deben estar escritos.
- b) Seguridade e hixiene no traballo e coidado medioambiental
 - Manipular as mostras en atmósferas ou entornos estériles para evitar posibles contaminacións de mostras e das persoas.
 - Utilizar os EPI axeitados a cada situación de risco.
 - Coñecer a situación e manexo de extintores, duchas e fontes lavaollos, mantas ignífugas presentes no laboratorio.
 - Minimizar a produción de residuos.
 - Recollida selectiva dos residuos xerados.
- c) Fomento do traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Visitas a laboratorios das empresas do entorno abarcando distintos sectores productivos. Estas visitas, que se pretende levar a cabo ó longo do curso, por un lado serven de enlace co entorno laboral e profesional futuro d@s alumn@s e, por outro, son un complemento das actividades puramente lectivas reforzando os contidos impartidos no centro de ensino.

Asistencia ás posibles actividades extraescolares que se poidan realizar desde o departamento /ou o centro: conferencias, foros, visitas didácticas, etc.

10. Outros apartados

10.1) Bibliografía

ENSAYOS FÍSICOS Y FÍSICOQUÍMICOS, Juan José Rodríguez, S.L. EDICIONES CEYSA. CANO PINA, 2009

ENSAYOS FÍSICOQUÍMICOS, Gemma Olmo Bueno, Ed. SÍNTESIS .

PROPIEDADES FÍSICAS DE LOS ALIMENTOS Y DE LOS SISTEMAS DE PROCESADO. M. J. Lewis. Ed. ACRIBIA, S.A.

FÍSICOQUÍMICA BÁSICA, Walter J. Moore, Ed. PRENTICE-HALL HISPANOAMERICANA, S.A.

FISICOQUÍMICA, Atkins, Ed ADDISON-WESLEY IBEROAMERICANA.

RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS DE QUÍMICA GENERAL, C. J. Willis, Ed. REVERTÉ S.A.